



ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

RESOLUCIÓN REITORAL DE ADXUDICACIÓN DE BOLSA COMPLEMENTARIA DO CAMPUS AUGA AO ESTUDANTADO SELECCIONADO NO MARCO DA CONVOCATORIA DE PRAZAS DE INTERCAMBIO ERASMUS+ ESTUDOS KA131 NO CURSO 2025-26

No marco do Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Universidade de Vigo (Uvigo) para o desenvolvemento de accións estratéxicas no Campus Auga de Ourense 2024-2027, procédese a financiar axudas complementarias ao estudantado das titulacións pertencentes ao citado campus de especialización da Universidade de Vigo no Campus de Ourense, seleccionado no cadro da convocatoria de prazas Erasmus KA131 publicada o 5 de decembro de 2024

O estudantado ao que vai destinado esta axuda complementaria xa foi seleccionado a través da convocatoria de concorrencia competitiva de prazas e bolsas Erasmus+ Estudos KA131 para o curso 2025-2026 publicada o 5 de decembro de 2024, polo que non é necesaria a convocatoria dun novo procedemento de concorrencia.

Logo de publicar a resolución reitoral coas listas de estudantado con praza Erasmus+ adxudicada, en lista de agarda e excluído, esta reitoría

RESOLVE:

Primeiro: Publicar no anexo I a listaxe provisoria de concesión de **20 bolsas complementarias do Campus Auga de 1.000 € cada unha** ao estudantado seleccionado do campus de Ourense no marco das convocatorias de intercambio Erasmus+ Estudos para o curso 2025-26, segundo a resolución reitoral de 27 de marzo de 2025 pola que se publicaban as listaxes de estudantado seleccionado e de 1 de agosto pola que se publicaban as axudas Erasmus concedidas.

A concesión de axuda ten en conta a **nota media ponderada a 31 de agosto de 2025** cos seguintes requisitos:

- a. Estar matriculado/a no curso 2025-26 en titulacións de grao pertencentes á oferta docente Campus da Auga:
- Grao en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos
 - Grao en Enxeñaría Agraria
 - Grao en Ciencias Ambientais
 - Grao en Enxeñaría Aeroespacial
 - Grao en Administración e Dirección de Empresas
 - Grao en Turismo
 - Grao en Intelixencia Artificial
 - Grao en Dereito

(*) Calcularase a nota media ponderada multiplicando a media do expediente académico polos seguintes coeficientes correctores, segundo a rama de coñecemento á que está adscrita a titulación, no Rexistro de Universidades e Títulos:

Rama de coñecemento	Coefficiente corrector
Enxeñaría e Arquitectura	1,17
Ciencias	1,11





ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

Ciencias Sociais e Xurídicas	1
Ciencias da Saúde	1,05
Arte e Humanidades	1

- b. Ter concedida ou solicitada e aprobada polo centro de orixe na data de publicación desta resolución unha bolsa de mobilidade internacional para curso estudos **para o curso completo** e o compromiso de realizar a estadía completa. No caso de reducir a estadía, correspondería a devolución da bolsa.
- c. Estas bolsas serán incompatibles coas bolsas complementarias da Deputación de Ourense destinadas a estudantado seleccionado a través da convocatoria de concorrencia competitiva de prazas e bolsas Erasmus+ Estudos KA131 para o curso 2025-2026 publicada o 5 de decembro de 2024.

Segundo: Publicar no anexo II unha listaxe de agarda, no caso de renuncias.

Terceiro: Abrir un **prazo de reclamacións ás listaxes provisórias de 5 días hábiles** contados a partir do día seguinte á publicación desta resolución no [taboleiro electrónico da sede electrónica da Universidade de Vigo](#). As reclamacións deberán presentarse a través da sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) mediante o procedemento [instancia xenérica \(SXER\)](#) dirixida á Oficina de Relacións Internacionais (ORI).

Cuarto: Finalizado o prazo de reclamacións publicarase unha resolución coas listaxes definitivas de estudantado beneficiario e en lista de agarda.

Os fondos destinados a esta axuda complementaria irán con cargo á aplicación orzamentaria : **2025 AUGA 121D 48210** e o importe máximo do crédito orzamentario retido para esta convocatoria ascende a 20.000 € para o que se achega o correspondente certificado de existencia de crédito.

Vigo, na data da sinatura electrónica

O reitor

Por delegación R.R. 30/05/2024 (DOG 10/06/2024)

A vicerreitora de Internacionalización

Mª Isabel del Pozo Triviño

